

## LAGARTO DAS SILVAS

(*Lacerta schreiberi*)

**Castelán:** Lagarto verdinegro.

**Portugués:** Lagarto-de-água.

Aínda non rematou o inverno pero xa o sol brilla nunha morna mañá do mes de marzo. Na beira da húmida corredeira, entre os primeiros gromos verdes da silveira, destaca unha brillante mancha de cor azul: é o macho do lagarto das silvas recén saído do letargo invernal, que xa exhibe a súa chamativa gorxa azul como unha pintura de guerra para ser o primeiro en ocupar o mellor territorio do valado.

Este lagarto é de tamaño mediano; nunha mostra estudiada por nós de 212 exemplares desta especie obtivemos os máis grandes individuos coñecidos ata a data: 117 mm. de lonxitude de cabeza e máis corpo nos machos e 120 mm. as femias (Galán, 1984). As medidas normais oscilan entre 72 e 110 mm. os machos adultos e 83 e 115 nas femias adultas. A cola mide unha vez e media esta lonxitude e o peso oscila entre os 11 grs. dos machos adultos máis pequenos ata os 51 grs. das femias máis grandes.

**Dimorfismo.** Os machos son máis pequenos, coa cabeza máis voluminosa e o corpo proporcionalmente máis curto. É moi distintiva neles a chamativa cor azul cobalto da gorxa e os lados da cabeza. Moitas femias poden ter tamén a cabeza azul, pero máis esvaída. O dorso é verde en ambos sexos, existindo, nembargante, unha certa proporción de femias pardas, sobre todo en Ourense. As manchas dorsais negras son finas e densas nos machos e grandes nas femias. Ventre marelo, moi manchado de negro nos machos e xeralmente liso nas femias.

**Distribución.** Presente na práctica totalidade do territorio galego, onde existen poboacións relativamente numerosas, dende o nivel do mar ata a montaña, acada os 1.400 m. na Serra do Courel (Lugo), os 1.450 m. en Cabeza de Manzaneda e os 1.500 m. en Trevinca (estas dúas en Ourense). Non aparece nas illas costeiras galegas excepto unha cita na Illa Monteagudo, das Cíes (Pontevedra).

Especie endémica do occidente da Península Ibérica, atopándose tamén en Portugal, aínda que moi localizada ó sur do Texo, Sistema Central e algunhas serras próximas e a práctica totalidade da zona Cantábrica ata o País Vasco.

**Variación.** Practicamente inexistente na súa limitada área de distribución. É monotípica (*Lacerta schreiberi* Bedriaga, 1878). Comparamos a morfoloxía dos exemplares galegos cos do Sistema Central (Serra da Estrela en Portugal, Cáceres, Salamanca, Ávila e Madrid) atopando unicamente diferencias pouco importantes no número de escamas da gorxa, tamaño relativo da cabeza dos machos e das placas occipital e frontal.

**Hábitat.** En Galicia ocupa unha moi ampla variedade de medios, aínda que se localiza preferentemente en áreas abertas de fragas ou outros tipos de bosques, soutos, valados e setos en prados e campos de labor, taludes e bordes de camiños, sobre todo alí onde hai silvas (*Rubus spp.*) e tamén en matos de uces (*Calluna*, *Erica*, etc.), xestas (*Cytisus*) e toxos (*Ulex*).

É unha especie moi ben adaptada a ambientes húmidos e frescos, como corresponde a un endemismo noroccidental ibérico. Na nosa terra, debido á súa elevada humidade ambiental, observamos moi pouca dependencia dos medios acuáticos, cousa que si sucede noutras áreas máis enxoiadas da Meseta e Portugal.

**Actividade.** Tanto en traballos realizados por nós na Coruña como por Salvador (1987) en León, comprobamos

que a actividade nesta especie varía segundo a idade e o sexo dos individuos. Os machos comezan a súa actividade anual en febreiro, case un mes antes cás femias, que o fan en marzo. Na primavera os machos son moi activos e déixanse ver con facilidade, mentres que no verán a penas se ven. As femias, moito menos activas cós machos, son, pola contra, máis visibles no comezo do verán.

O retorno ó repouso invernal, en outubro na Coruña, é notablemente sincrónico entre ámbolos dous sexos. Algúns subadultos están activos ata novembro.

A actividade diaria céntrase entre as 9 e as 13 horas en marzo (horario solar), mentres que no verán ten un máximo pola mañá, entre as 8 e as 11, e outro polo serán, entre as 16 e as 18 horas, cun mínimo de actividade entre as 12 e as 14 horas.

A temperatura corporal de exemplares activos desta especie varía entre 10 e 37° C, cunha media de 31° C. en poboacións da Cordilleira Cantábrica.

**Reproducción.** Na nosa terra os apareamentos comezan moi cedo, xa dende primeiros de abril. Nesta especie obsérvase un comportamento moi característico: a presenza de “parellas”, é dicir, un macho e máis unha femia xuntos ó longo de toda a xornada e en xornadas sucesivas (actitude rara nun réptil e aínda non ben estudada). Os apareamentos alóngase ata a fin de xuño, tendo lugar a postura dos ovos dende finais do mes de maio ata principios de xullo.

Durante a cópula o macho mantén a femia quieta cunha firme mordedela nas costas do ventre. Esta mordedura deixa unhas marcas moi visibles que utilizamos nós para coñecer o momento en que se producen os apareamentos.

Os ovos, en número que oscila entre 7 e 24 por postura, cunha media de 16 nas poboacións da Coruña, son depositados pola femia en puntos despexados do terreo, con chan non compacto, areoso ou terroso, en taludes, bordes de camiños, etc. As veces localizámolo debaixo das pedras.

No momento da postura os ovos miden entre 11,9 e 14,2 mm. de longo por 8,8 e 9,7 mm. de ancho, aumentando ata 15,1-18,5 mm. por 11,4-14,8 mm. pouco antes da eclosión.

As nosas poboacións poden realizar ata dúas postas anuais consecutivas, aínda que moitas femias unicamente realizan unha. No Sistema Central dáse un único período de postas.

**Xuvenís.** Logo de uns dous meses de incubación (67 días nunha postura controlada por nós) nacen os xuvenís. A época das eclosións ten lugar, na Coruña, en agosto e setembro, acurtándose só a setembro nas zonas de montaña do interior.

O aspecto dos recién nacidos é moi característico: cun rechamante deseño composto de manchas amarela claras ou brancas, orladas de negro, nas costas da cabeza e mailo corpo sobre un fondo pardo ou oliváceo escuro. A cola é de cor alaranxada. O seu tamaño no momento da eclosión é de 26,5 a 29,3 mm. de cabeza e máis corpo, e de 38,0 a 41,1 mm. de cola.

**Crecedemento.** Ata os 6 ou 9 meses de vida o deseño que describimos permanece constante, pero a partir desa idade comeza a transformación ata o deseño do adulto, podendo diferenciarse xa claramente a partir dos 50 mm. de lonxitude cabeza máis corpo os machos das femias por el. O deseño dos adultos, nembargante, non se alcanza ata despois de adquirir a madurez sexual.

Acadan esta madurez os machos a partir dos 72 mm. e as femias a partir dos 83 mm., aínda que pode darse certa variabilidade. No Sistema Central os machos son maduros a partir dos 80 mm. e as femias ós 96 mm. Salvador (1988c) opina que nas poboacións de León a madurez sexual prodúcese entre os 18 e 21 meses de vida.

A lonxevidade é descoñecida.



**Alimentación.** Datos recollidos por nós apuntan a que esta especie, en Galicia, consome unha ampla variedade de invertebrados, sendo as súas presas máis importantes os coleópteros, himenópteros, ortópteros e caracois terrestres. Noutras zonas, como no Sistema Central, consome tamén numerosas presas acuáticas, cousa que non sucede en Galicia ó estar a especie moito menos xunguida á auga. Na Serra do Courel, Bas (1982b) observa que as presas máis frecuentes son os coleópteros (35%, na súa maioría larvas), caracois terrestres (22%) e araneidos (7%).

**Depredadores.** O tamaño medio desta especie fai que sirva de presa ideal de moitos depredadores. Nós atopamos restos de lagartos das silvas en egagrópilas de lagarteiro (*Falco tinnunculus*) e de rapina cinsenta (*Circus pygargus*), ambas na Coruña, e restos de xuvenís en estómagos de cóbrega lagarteira común (*Coronella austriaca*). Tamén atopamos restos seus en excrementos de algaria (*Genetta genetta*) en Caaveiro (A Coruña) e de marta (*Martes martes*) na Serra de Invernadeiro (Ourense).

**Demografía.** Practicamente non estudiada aínda. Salvador (1988c) na provincia de León encontra unha densidade primaveral de 162 a 226 individuos por ha., cun sex-ratio (proporción machos: femias) de 1:1,4-1,5. Este autor observa, na mesma localidade (Salvador 1988b), que os dominios vitais dos xuvenís miden entre 8 e 27 m<sup>2</sup> e os dos subadultos entre 2,5 e 28 m<sup>2</sup>.

**Comportamento.** Ademais da “conducta de emparellamento”, xa descrita, esta especie presenta unhas pautas de comportamento semellantes ás doutros lacértidos. Na época de celo os machos adultos adoptan unha serie de posturas moi características, de carácter territorial, nas que exhiben as súas rechamantes cores azuis e marelas da gorxa e o ventre. Dotado dun carácter moi agresivo, ante a presenza doutro macho adopta a postura “impresionante”, coa cabeza

baixa, a gorxa inflada e o corpo aplastado lateralmente. Se o opoñente non se retira, poden establecerse fortes (aínda que breves) combates, como se mostra na fotografía.

En femias e subadultos observamos conducta de “pate-xar”, interpretada como de temor e submisión.

**Estatus en Galicia.** A diferenza do que sucede noutras zonas máis meridionais da Península, onde as poboacións desta especie se restrinxen ás áreas húmidas das montañas, en Galicia aparece como ben espallado e relativamente abondoso, se ben a continua desforestación das últimas fragas, a supresión de lindeiros e valados e, como non, os incendios, ocasionan un forte impacto nesta especie tan característica da nosa terra.



◀ Lagarto das silvas (*L. schreiberi*). Machos en celo rifando. Cecebre (A Coruña).

▼ Lagarto das silvas (*Lacerta schreiberi*). Macho adulto. Nabela (Lugo).



▼ Lagarto das silvas (*L. schreiberi*). Femia adulta. Lugo.





► Lagarto das silvas  
(*L. schreiberi*). Subadulto.  
Vilaboa (A Coruña).



▼ Lagarto das silvas  
(*L. schreiberi*). Xuvenil recién  
nacido. Ferrol (A Coruña).



► Postura de *Lacerta  
schreiberi*.

